

## « A SOLIDARIDADE DE CASTELAO CON EUSKADI »

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao nasce en Xaneiro de 1886 nun pequeno e agarimante pobo da Coruña, Rianxo, bicado pola suorosa ledicia do Atlántico i enfeitizado pola luxuria da verde paisaxe. Niste pobo de mariñeiros, galegofalantes, afiou os nervios da ialma con unha estrutura telúrica e visceralmente galega, alicerce da posterior loita a prol da súa idolatrada Patria: Galiza. Sofre a acedo amargor da emigración, viero de tantos centos de galegos, estuda en Santiago a carreira de meiciña, mais axiña se adicará a exercer a súa verdadeira vocación: escritor, artista e dibuxante. O soerguemento da asoballada nazón fisterral, laboura urxente e ineludible, trocara en político, convertíndose en imprescindible líder do nacionalismo galego perante a II República e o exilio bonaerense ata a seu pasamento o 7 de Xaneiro de 1950. Como bós fillos temos a obriga de lembrar as xestas diste devanceiro, sementador dos froitos que hoxe recolleitamos. Castelao, sen dúbida, pode nomearse como a persoa máis completa, que Galiza aloumeou e acolleu no seu seo. Cando iste «galego químicamente puro e infusible ao soprete», como il mesmo se autodefinía, falesceu na saudosa lexanía pratense, até os ceos se comoveron e «caían como bágoas as estrelas na praia de Rianxo», asegún choraba o poema de Ramón Cabanillas.

Hoxe, nesta revista, agradescido agasallo do Concello de Lezo, tentarei de espritar algunhos vencellos do esgrevio rianxeiro co Nacionalismo Basco perante a II República. Para a etapa do exilio contamos con un comprobante libro, dirixido por Iñaki Anasagasti, baixo o título: «Castelao y los Vascos».

Castelao, dende os amenceres republicáns, era moi coñecido nos ambientes nacionalistas bascos por mor das colabouras xornalísticas de Vicente Risco, outro importante persoeiro do Galeguismo, que o xornal bilbotarra, «Euzkadi», insería no albor das súas páxinas baixo o epígrafe: «Crónicas Galegas» co ouxeto de espallar entre os lectores euskaldúns unha meirande sabencia encol dos outros nacionalismos periféricos como o galego. Ista mencións risqueirianas, xunto cos seus dibuxos, que xa adequiriran certa sona, e máis a defensa aferrada do Estatuto catalán nas Cortes proporcionáron-lle ó noso rianxeiro unha indubidable simpatía e admiración nos arredores nacionalistas bascos.

Emporiso, os seus primeiros vencellos políticos non se enguedellaron deica a primavera de 1933. O 2 de Abril interveu nun mitin de A.N.V., celebrado no Frontón «Euskalduna», de Bilbao, xuntamente co Diputado esquerrista catalán, Josep Riera i Puntí e os anevistas Basterra, Arrien e Urrengoetxea. A prédica do Diputado galeguista enfeitizou o ár bilbotarra con sabores épico-líricos, sobranceando os caracteres diferenciais da cultura galega, como nidiamente suliñaba o xornal, «Tierra Vasca», voceiro do Anevismo. Castelao rematou o seu parrafeo con istas verbas:

«Tede a seguridade de que, cando volte a miña verde Terra galega, direi-lle a todos aqueles rapaces que nos siguen, cál é a vosa ardentía nazonalista, para que lles aqueza de exempro e de aguillón; e tede a seguridade de que en tódo-los tempos, sexan cales sexan, canto máis adversas sexan as circunstancias, teredes toda a nosa simpatía e todo o noso apoio, si é que podemos servir de algo a todos os nosos amigos bascos.»

Ise mesmo día escribía con anoto no Libro de Ouro da Casa de Galicia en Bilbao: «Sempre, namentras viva, lembrarei o día dous de Abril do ano 1933, pasado antre bascos, cataláns e galegos para demostrar que os nosos anceios de libertade

non serán compatibres co-a uniformidade, pero sí co-a unidade ibérica, que é o soño dos homes que miran o futuro. Sempre me lembrarei da Casa de Galicia, onde atopei peitos irmáns dos meus. Alfonso R. Castelao.»

Mais non pararon ahí as labours solidarias, pois a mesma serán do día 2 asinaría-se na Album da Casa de Xuntas de Gernika unha avinza de solidariedade, con xusteza chamado polo Profesor Granja, o «Pacto de Gernika», cuxo teor dí así:

«Identificados Bascos, Cataláns e Galegos diante o problema da liberación dos nosos respetivos Pobos, selamos hoxe, baixo o albre de Gernika, o pacto de solidariedade que nos traxerá a albenda daquel anxeio. Gernika, 2 de Abril de 1933. ¡Gora Euzkadi azkatuta! ¡Viva Galicia ceibel! ¡Visca Catalunya lliure! Seijo tar Gabin, Alfonso R. Castelao, Dr. J. Riera i Puntí.»

Ista avinza sería o primeiro fito enxergador do «Pacto de Compostela», máis lembrado como «Galeuzca», asinado en Santiago de Compostela o 25 de Xullo de dise mesmo ano 1933. Castelao pronunciaría un tremecente discurso diante do moimento a Rosalía, afincado na Alameda compostelá; mais non firmou o devandito Pacto. Pola banda galega faría-no Alvaro das Casas e Alexandre Bóveda, fusilado polo exército franquista o 17 de Agosto de 1936. Os asinantes cataláns foron: Batista i Roca, Girona, Pau Vila, Pich i Salaric, Muñoz Castanyer, e o 31 de Xullo en Bilbao engadiron a súa firma, Carrasco i Formiguera, Riera i Puntí e Joan Estelrich. Pola banda de Euskadi os selantes foron Doxandabartz, Joseba Rezola, Esteban Isusi, Manuel de Irujo e máis tarde, na capital de Bizcaia, Andrés Perea, de A.N.V.

Castelao non viaxará a Euskadi, pero sí a Barcelona, onde participará entre o 5 e o 12 de Agosto nunha morea de actos galeuscanos, intervindo activamente na redación do apercebemento final, remesado á imprensa, no que se resumían os principios fundamentais do viaxe, facíase un xurdio chamamento para voltar ao orixinario espírito federalista da República i o estabrecíase un novo orde de relacións peninsulares, baseadas no programa de Galeuzca.

Mentras Castelao disfrutaba da dozura morna da airexa mediterrá por terras catalás o xornal, «Tierra Vasca», incruía-lle unha entrevista a 4 de Agosto, que o autor de «Ollo de Vidro» taxantemente remataba: «Queremos a Autonomía integral para a nosa Terra; queremos, en definitiva, a libertade da nosa Patria».

Poderíamos percorrer máis camiños, xeiturando os eidos filoeuskadiáns do lanzal i ergueito rianxeiro, mais o espazo, por forza restrinxido, distas mal deliñadas coatelas non nolo permiten. Outro día recunharemos no tema, co desexo non finxido de agasallar aos lectores co lecer de coñocer para poitar polas culturas e libertades das Pátrias galeuzcanas. Os galegos, espallados pola ridente e acolledora xeografía euskadiana, engadiremos o noso humilde gran de area nesa ilusionada xeira.

X. Estévez

